



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CARÁCTER URXENTE DO PLENO DE 12 DE ABRIL DE 2018.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a doce de abril de dous mil dezaioito, sendo as dezanove horas e trinta minutos ten lugar a sesión extraordinaria de carácter urxente, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor

Concelleira non adscrita:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Excusa a súa asistencia:

D. Yago Lage Caramelo

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e polo secretario, D. Federico Suárez Canelo.

ORDE DO DÍA:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.
2. APROBACIÓN DE LA SOLICITUD DE UNA SUBVENCIÓN AL IDAE. PARA EL PROYECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO (A CORUÑA)”. ACUERDOS QUE PROCEDAN.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Xustifícase a urxencia da convocatoria desta sesión no cumprimento do prazo do requirimento do IDAE, en relación á subsanación de documentación no expediente que se estivo a tramitar por este concello, relativo ao Programa de Axudas a Proxectos Singulares de Entidades Locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.



Sra. alcaldesa: a urxencia para poder contestar en prazo; o non poder facer unha Comisión informativa e pleno, como vostedes saben estamos sen secretaria titular, e tamén nos temos que adaptar ao secretario acumulado que ven, e por iso a urxencia; e pedir desculpas por non facer unha sesión aínda que fora extraordinaria que non teña que ser urxente.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: este argumento paréceme peor que o que lle din o outro día; que tipo de requirimento é o que nos fan?.

Sra. alcaldesa: pois entre outras cousas o que nos piden é acordo plenario.

Sra. concelleira: imaxinaba que ía por aí, porque se mandou sen el, claro...

Sra. alcaldesa: mandouse sen el porqué a entidade que se considera habilitada para pedir subvencións é a Alcaldía, incluso poderíamos chegar a discutir que tivese que ser o Pleno quen tivera que pedilo, obviamente despois terían que vir a Pleno igualmente os proxectos, pero non podemos arriscarnos á perda da subvención por non facer agora un pleno.

Tamén hai unha serie de cuestións técnicas e de matices que son as que se requiren.

Rematadas as intervencións sométese a urxencia da sesión a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase ratificada por **unanimidade de votos a favor**, a urxencia da sesión.

2. APROBACIÓN DE LA SOLICITUD DE UNA SUBVENCIÓN AL IDAE. PARA EL PROYECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO (A CORUÑA)”. ACUERDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“El Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo Feder de crecimiento sostenible 2014-2020.

El Ayuntamiento de Bergondo está interesado en promover proyectos que reduzcan las emisiones de CO₂, mediante la implantación de medidas de ahorro y eficiencia energética que contribuyan al desarrollo económico local y al cumplimiento de los objetivos fijados en el Programa Operativo de Crecimiento Sostenible para el período 2014-2020. (POCS).

En virtud del requerimiento de subsanación recibido el 4 de abril de 2018 y de las atribuciones conferidas en virtud de lo establecido en la ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, PROPONGO al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente ACUERDO:

Primero: Aprobar la participación del Ayuntamiento de Bergondo y aceptar expresamente el procedimiento regulado en el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, que regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo Feder de crecimiento sostenible 2014-2020.

Segundo: Presentar como objeto de subvención las actuaciones que componen el proyecto singular subvencionable denominado "RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO", y que incluye la sustitución de luminarias convencionales por otras con tecnología LED y adecuación de la instalación al REBT, por importe de 1.000.000,00 de euros (IVA incluido).

Tercero: Dado que de los datos de la Liquidación del Presupuesto de 2017, existe Remanente de Tesorería por importe suficiente, para realizar las modificaciones presupuestarias necesarias, sobre el presupuesto de 2018, el Pleno de la Corporación se compromete a habilitar crédito adecuado y suficiente por importe de 1.000.000,00 de euros, correspondiente al Proyecto presentado, para poder llevar a cabo la ejecución del mismo, en el caso de resultar seleccionados y obtener la subvención solicitada

Cuarto: Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer, a la que se refiere el apartado c) del artículo 12.4, con título de proyecto "RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO", por importe de la subvención de 1.000.000 de euros, con formato tipo modelo del IDAE perteneciente a la Medida 6 "Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior" dentro del Objetivo Específico: OE 431, con las correcciones requeridas.

El Pleno de la Corporación decidirá lo que estime más conveniente.

Bergondo, en la fecha que figura en el margen. La alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Sra. alcaldesa: o dezasete de xuño de dous mil dezasete, publicouse no BOE a convocatoria, o Real decreto 616/17 que regula a concesión de subvencións *a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020*; a propia convocatoria en todo o seu articulado establecía que despois se presentaría, abriría un prazo, para presentar todos estes proxectos que comezou o día dezasete de xullo, e que ademais as subvencións en teoría, e polo menos iso é o que di a Orde, da que ademais tamén se nos explicara en Deputación, irían esgotándose por Comunidades autónomas e outra en función do número de chegada, é dicir que canto antes se presentase a solicitude da subvención mais oportunidades habería de obter esta mesma.

Polo tanto, como previamente tiñamos algo de información sobre esta subvención, xa se contaba con que saíse en xaneiro, despois en febreiro, ao final ata xuño, non tiñamos o detalle ata que saíu a Orde, tampouco podíamos ir traballando en toda a documentación que se requiría. O digo porque ademais incluso por parte de FAEPAC se convocara a unha reunión na Deputación para explicarnos a todos os concellos da provincia de menos de vinte mil habitantes, porque isto é para concellos pequenos, non para os grandes, eles xa teñen outra serie de subvencións importantes, para que puideramos ir previndo ou ir incluso contratando con equipos técnicos especializados un pouco neste tipo de axudas.

Así é que pois se plantexa na liña, hai varias liñas na propia Orde se detallan, se plantexa o que mais necesidade ten o concello, que é o cambio de iluminación en practicamente todas as parroquias, e digo que é cambio importante porque con esta subvención non podemos tampouco facer instalación de puntos novos, nin tampouco adecuar puntos que estean ao día de hoxe a tanto alzado, porque o que se ten que demostrar son os aforros enerxéticos e tamén os aforros en emisións, neste tipo de emisións, porque estamos nunha subvención orientada a un crecemento sostible e demais, que son por onde van agora os tiros, se se me permite a expresión, de Europa.

Polo tanto, como aí se di, se actúa, non en todo o concello non chegaría para iso, pero na propia Memoria se indica actuamos en mil novecentos sesenta e unha luminarias e en cincuenta centros de mando, corenta substituíndoos, que



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ao día de hoxe non están coa normativa que terían que estar, se substitúen corenta e dez se reforman, temos outros doce centros de mando sobre os que se vai actuar na luminaria pero non se actúa no centro de mando, con isto actuamos en centros de mando en Cortiñán, en Vixoi, en Rois, en Santa Marta, en Guísamo, en Bergondo, en Moruxo, en Ouces e en Lubre; non en todo o concello pero si en todas as parroquias do concello se así se nos concedese a subvención.

Despois terían que vir os proxectos, na Memoria a proposta que se fixo é de facer tres proxectos distintos, repartir este importe en tres proxectos, porque nos Pregos non pode ir o tipo de luminaria pero non a marca, por ver que despois o día de mañá non haxa moitísimas marcas de luminaria por todo o concello.

Poderemos licitar todo xunto, poderíamos licitar en dez proxectos, a decisión foi neses tres proxectos que terían..., todo isto supoñendo que nola conceden, que terían que redactarse aínda os proxectos, terían que vir a Pleno e sobre todo tamén teríamos que dotar da parte correspondente, nesta subvención o máximo que se dá e o oitenta por cento, por iso a solicitude, o proxecto, é de un millón de euros no que se solicitan oitocentos mil e o concello tería que achegar douscentos mil euros, que como se di na proposta pode dispoñer deles xa que ten remanentes, o veremos agora cando demos conta da liquidación no próximo Pleno, e poderíamos facer fronte á parte que lle corresponde ao Concello de Bergondo.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu quería preguntar varias cousas, quen fixo a Memoria? e non quen a asinou e presentou porque xa o vin...

Sra. alcaldesa: tiña que ir asinada por un técnico municipal, o cal nos deu bastante problemática porque isto o fai un equipo, se contratou á empresa..., seguramente verían o contrato menor no seu momento, Giga ingeniería, de feito algunha vez temos solicitado cun algún proxecto de eles o Inega.

Sra. concelleira: vale, dígoo porque tanto a exposición como a redacción deixa moito que desexar, o presuposta dá a impresión de que está feito de abaixo cara arriba, o sexa, temos un millón logo vamos ir vendo, quítole o Ive.... o non sei que, cádrame...

Outra cousa que a min no me queda nada clara, en moitos puntos falase dun aforro dun oitenta e un por cento, en todo o proxecto, en canto a quilovatios non fixen a análise pero en canto a custo económico si e nun sitio falan de que agora mesmo o custo son douscentos vinte mil cincocentos euros, que imos ter un aforro de cento vinte mil, para min iso non representa un oitenta e un por cento, non sei de onde sae....

Sra. alcaldesa: de todas formas os aforros son tamén a longo prazo, claro....

Sra. concelleira: si, a situación inicial e situación final estou falando, a min non me cadra ese oitenta e un por cento, non sei se é un erro...

Sra. alcaldesa: non creo que sexa, basicamente porque incluso.... a ver, son cuestións técnicas que tampouco lle podo detallar moito, xa digo ademais que é un tema no que nin sequera os técnicos municipais son expertos...

Sra. concelleira: pero é fácil de..., eu penso que un técnico municipal debe saber analizar este informe...

Sra. alcaldesa: non, xa lle digo que non...

Sra. concelleira: eu botaríalle unha vista por si acaso hai mais erros dese tipo....

Sra. alcaldesa: non o requiriron, precisamente onde viron...

Sra. concelleira: ao mellor aínda non o analizaron, se o primeiro que requiriron é porque falta o acordo plenario..

Sra. alcaldesa: non, non...

Sra. concelleira: e faltan catro cousas mais, igual non entraron ao resto do expediente, igual cando entren o piden e xa está

Sra. alcaldesa: non, a ver....

Sra. concelleira: é unha suxestión porque

Sra. alcaldesa: simplemente por unha cuestión formal, ao mellor iso tampouco o expliquei, na plataforma que se abriu ese día, que de feito non se puido cargar ese día, ningún concello o puido facer, estivemos varios días intentando cargar a documentación a diversas horas, por fin logramos completar a solicitude o día vinte; era tal o volume de



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

documentación que se presentaba en todos os concellos de España, e tamén no noso, aparte de documentos pdf, da representatividade, certificados..., houbo que presentar a Memoria, unha auditoría que tamén forma parte de todo o que se presentou, e diferentes documentos en planos que tamén se presentaron; o requirimento..., é dicir todo iso está enviado e analizado, o requirimento que agora se fixo, na parte técnica *se indica que el número de cuadros de mando que es preciso reformar o sustituir es 50, mientras que en el segundo caso se indican 62, por lo que se solicita aclaración...* aclárase que son sesenta e dous cadros nas luminarias, pero que son cincuenta nos que tal..., *en el balance anual de electricidad de las instalaciones iniciales e previstas después de la actuación el porcentaje de ahorro estimado de la Memoria presentaba...* indica textualmente, *cabe resaltar que de esas 2261 iluminarias que pertenecen a los 62 centros de mando objeto de las actuaciones, solo se actuará en 1961 por las que se han citado anteriormente, pero para un correcto balance energético y económico se han tenido en cuenta las 308 iluminarias repartidas en 9 centros de mando sobre las que no se actúa, el balance energético debe responder al número de puntos de luz afectados por la reforma por lo que se solicita se adecue este apartado teniendo en cuenta esta última indicación*, e así se fai, nesta nova Memoria que se lles envía a vostedes faise esta corrección do propio requirimento.

Sra. concelleira: vale, a min dentro dos cincuenta e tantos folios algunhas cousas estráñanme, por exemplo, hai outra que di..., non é certo, *en el municipio no hay semáforos...*

Sra. alcaldesa: non hai semáforos onde non se actúe, é certo porque....

Sra. concelleira: non hai semáforos? No municipio non ha semáforos, así tal cual se expresa....

Sra. alcaldesa: si é certo....

Sra. concelleira: e tería que dicir *en el municipio, na zona de actuación no hay semáforos, ... en el municipio no hay rótulos luminosos...* no concello si hai cousas luminosas, esas sinais de stop e de free vostede....

Sra. alcaldesa: non se refire a sinalización....

Sra. concelleira: eu estoulle dicindo...

Sra. alcaldesa: si, si...

Sra. concelleira: lin o proxecto de arriba a abaixo, hai cousas que cruxen, estamos a falar dun millón de euros que é unha cantidade significativa, estamos a falar de que haberá outros concellos que vaian presentar esta mesma subvención...

Sra. alcaldesa: que a presentaron...

Sra. concelleira: que llo van dar ao mellor proxecto, ao mellor argumentario, ao mellor, ao mellor, ao mellor..., e o noso dende logo en canto a redacción..., noutros sitio pon *adjuntamos las tablas de...* onde están? estarán no anexo I ou no anexo 32, pero non está especificado; eu se estou lendo o proxecto e me din, *adjuntamos las tablas de no se qué...*, veo o oco pero non hai táboas, polo menos no que eu recibín, pois poderá dicir axúntanse como Anexo número 1 número 2 o número 52.

Quero dicir que, non sei..., pagamos a unha empresa para que faga isto e a min paréceme que é moi deficiente, se eu teño que analizar un proxecto e encontro un absolutamente deficiente en canto á estrutura da propia Memoria e teño un perfecto, a quen lle vou dar a subvención? Non sei..., dígoo porque ao mellor iso se pode revisar por quen corresponda, e xa digo, eu son profana na materia e tampouco entendo de números, pero sei ler e sei cando algo sóame ben ou mal cando o leo. E fágoo porque encantaríame que nos deran esa subvención porque eu polo menos levo pelexando polo tema da eficiencia enerxética dende que me sentei aquí, e como eu o resto de Grupos.

Sra. alcaldesa: efectivamente...

Sra. concelleira: e eu quero que nos dean a subvención e vou votar a favor de que se solicite esta subvención, evidentemente, pero que ao mellor tamén revisar esas cousas para que quede mellor, só iso.

Sra. alcaldesa: pois tomamos nota e lles dicimos que fagan un último repaso da parte do requirimento.

Sr. voceiro do PP: quería preguntar, as luminarias como son? Como as que se puxeron en Vixoi? Ou as de Bergondiño?

Sra. alcaldesa: nós non podemos poñer marcas de luminarias...

Sr. voceiro: pero si o tipo....



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: son tipo *led*, marca non se pode poñer, pódese especificar a luminosidade e as características que poidan ter as luminarias, como xa temos feito noutros pregos, e asesorados polos técnicos en función do ancho de rúa, propónse un tipo de luminaria para uns lugares e outro tipo para outros.

Sr. voceiro: estas que están postas en Vixoi funcionan moi ben, a xente está moi contenta....

Sra. alcaldesa: si, si, as do tramo que ten a NVI está moi ben, o Pedrido está tamén bastante ben; é dicir, a idea é de que non veñan...., e todo isto se nola dan....

Sr. voceiro: o cambio de cableado, que nalgúns sitios está moi deteriorado.

Sra. alcaldesa: é que algunhas destas actuacións que se fixeron no seu día no INEGA, o INEGA só subvencionaba cambio de luminaria, unicamente, non subvencionaba adaptación dos cadros e demais, entón eu poño moitas veces un exemplo, e basicamente non é polo que ao final a unha lle acaban explicando, isto é como se a un 600 un lle pon un motor dun Ferrari, é dicir, claro non ten a base entón ao final o que están é saltando e de feito nos seguen saltando moitos avisos porque esas luminarias non funcionan por culpa dos cadros de mando e os cables non teñen as terras correspondentes, e claro, o que pretendemos aquí é precisamente que non pase iso e aquí a Orde o permite porque precisamente se adecúan eses centros de mando e demais.

Sr. voceiro: vimos vamos erro no proxecto, lle comento, hai unhas parroquias que parece que é un *corta pega* unha doutra, son practicamente igual, pero nada.... o noso voto vai ser a favor, e que teñamos sorte e nola concedan.

Sra. alcaldesa: nos concellos en que xa foron requirindo, incluso fixen estes días unha rolda de chamadas a compañeiros, incluso nalgún... que eu saiba só requiriron nun concello, polo de agora aínda non chegaron a requirir noutros, de feito a adxudicación soamente lla fixeron a este concello onde xa requiriron e era porque tiñan un número de presentación mais baixo que o noso; o noso é un número bastante baixo dentro de todos os concellos de España e de Galicia..

Sr. voceiro: quizás sexa unha cantidade moi excesiva para o noso concello, un millón de euros...

Sra. alcaldesa: non, mais que nos deran mais que gastabamos en melloras...

Sr. voceiro: na Coruña creo que lle van dar trescentos cincuenta ou algo así...

Sra. alcaldesa: pero é que Coruña non pode entrar nesta subvención, isto é soamente para concellos de menos de vinte mil habitantes, de feito Coruña, Culleredo, Arteixo, presentaron no seu día os seus *edusis*, nós non podemos ir a ese tipo de subvencións porque non temos...

Sr. voceiro: pero a proporción sería a mesma, a Coruña trescentos mil habitantes e solicitan catro millóns e lle dan trescentos cincuenta mil euros ou algo así, entón aquí a proporción pode ser a mesma; Bergondo somos un concello pequeno, un millón de euros...

Sra. alcaldesa: a subvención non é exclusivamente para temas de eficiencia enerxética este é o obxectivo de eficiencia enerxética en edificación, onde incluso había rehabilitación enerxética para instalacións municipais, *Smart cities*, plans de mobilidade urbana, instalacións solares térmicas destinadas a aplicacións de calor e frío, extraccións de aproveitamento de enerxía xeotérmica, e demais, había varias liñas.

Dentro de todo isto, na propia Orde se di que son trescentos trinta e seis millóns de euros os que se reparten en total na Orde, onde a Galicia lle corresponden corenta millóns porque somos das comunidades autónomas mais beneficiadas. Por os comentarios sabemos que en Galicia están esgotados os fondos para, digamos, temas de eficiencia enerxética, pode ser que incluso sobren noutras liñas, pero en eficiencia enerxética foi mellora de iluminación pública foi por onde..., de feito todos os concellos cos que falamos e os que estabamos presentes nesa reunión era a idea que tiñamos, de feito non trouxemos ningún proxecto ao suplemento do ano pasado, de renovación enerxética, nos orzamentos deste ano tamén apenas se contemplaba, precisamente porque estaba a expensas, e así se facía referencia na Memoria dos orzamentos, de que se resolvese, positiva ou negativamente, porque se se resolve negativamente sabemos o que hai e temos un traballo moi avanzado incluso para poder afrontar por partes con recursos propios.

Sr. voceiro de VB: cando di que ten un traballo moi avanzado quere dicir que xa ten todos os proxectos destas parroquias deseñados?



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: están predeseñados porqué na Memoria se tiña que avanzar, o proxecto como tal, o proxecto técnico, non está, porqué sería ridículo mentres non nolo deran, e de feito a propia Orde permite tamén a redacción de proxectos, o sexa, o proxecto definitivo, que sería que tería que saír a licitación non está feito, o que está é na Memoria, na Memoria si está todo especificado e incluso nos planos que se axuntaron, e as actuacións e os cadros de mando onde se....

Sr. voceiro: é dicir o que se fixo foi o inventario...

Sra. alcaldesa: si...

Sr. voceiro: das luminarias que se van a tocar...

Sra. alcaldesa: si

Sr. voceiro: se identificaron as caixas de interconexión, que son os cadros de mando, parece que falamos de centrais nucleares..., e se fixo unha estimación das luminarias que se van facer, polo tanto proxecto técnico con aforros calculados e que hai unha ferramenta específica para isto, non está feito.

Sra. alcaldesa: o proxecto técnico que serviría para licitar, se vostede me di pois imos licitar, voulle poñer por exemplo a estrada de Ferrol, de Guísamo ao Pedrido, é unha proposta que vai aí incluída, se nós quixeramos licitalo non temos realmente o proxecto para poder licitalo, non está o proxecto feito aínda, porque? porqué o proxecto técnico require unha serie de....

Sr. voceiro: pero sabe unha cousa, que non cadra unha cousa, cando se fan proxectos de isto de eficiencia enerxética, hai unha ferramenta que lle di exactamente coa súa actuación o que vai aforrar realmente en capacidade, despois esta mesma ferramenta dille o que aforra en CO2, entón, se soamente é unha estimación, podemos levar nos dentes co que estamos presentando, porqué se non temos en conta cousas tan ridículas como nos cadros de mando os detectores crepusculares de alta eficiencia para contabilización de horas, ou analizadores de rede para calcular realmente o que temos de consumo, e ademais se vostede antes dixo que non se vai cambiar ningunha instalación, entre farolas, antes enténdinlle...

Sra. alcaldesa: non...

Sr. voceiro: que só se van cambiar luminarias, e cadros de mando reparalos e adecualos ao regulamento de baixa tensión, foi o que anotei aquí....

Sra. alcaldesa: o que dixen é que nesta Memoria o que poderíamos pensar agora mesmo que en cuestións de mellora lumínica en Bergondo posiblemente habería tramos que requirían de maior..., novos puntos de luz...

Sr. voceiro: non, non lle estou falando... digo cos actuais...

Sra. alcaldesa: e eu dixen, non hai creación de novos puntos de luz porque temos que....

Sr. voceiro: non, eu dixen os actuais...

Sra. alcaldesa: claro, tense que actuar sobre os actuais...

Sr. voceiro: isto faino sobre os actuais, se vostede no actual só cambia a luminaria e o cableado é de hai trinta anos o aforro que vai ter é cero.

Sra. alcaldesa: pero precisamente xa lle dixen que temos que adaptar tamén os cadros de mando, as terras e demais...

Sr. voceiro: pero non é só un cadro de mando, hai tres etapas, luminaria, cableado e cadro de mando, se só vai actuar no cadro de mando para adecualo ao regulamento de baixa tensión, non imos meter nada mais para que estea acendida a farola, o detector crepuscular o que fai é que só acende cando non hai luz, non como pasa agora que de vez en cando acenden ás sete da tarde cando é de noite ás oito, por exemplo, adecúanse, por dicilo así, á marxe horaria, non fai falta facer nada.

Se vostede só vai cambiar farolas e adaptar os cadros ao regulamento de baixa tensión, que simplemente é poñerlle a tapa a eses trescentos que ten por aí abertos, ou deses sesenta que di que ten mal, non imos despois a levarnos un susto e o día que veñan a medir detectemos que non estamos aforrando como se ten previsto, que o medio millón de euros que ten previsto agora non lle chega a nada porque ten que cambiar case todo o cableado porque é de hai moitos anos, de aluminio ou de cobre e hai que adecualo a outro material.

Sra. alcaldesa: precisamente foi que lle dixen xa ao voceiro do Partido Popular, o que se trata é de iso e esas foron as indicacións que se lle deron a *Ingeniería*, e eles estudaron moi ben a subvención e o que non era subvencionable,



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

porqué ás veces non é todo subvencionable. Neste caso aparentemente si e por iso o que insistimos moitísimo é que o que fixeramos que se faga xa para que quede ben, correcto.

Sr. voceiro: entende o que lle digo...

Sra. alcaldesa: si, si...

Sr. voceiro: non estou criticando nada, so estou dicindo que hai tres etapas nunha actividade de aforro...

Sra. alcaldesa: enténdoo porqué iso mesmo lle comentei que xa pasou onde soamente se substituíron as luminarias e non se fixo o resto, porqué nese caso a subvención era exclusivamente para compra de luminarias, pois efectivamente está dando problemas e agora hai que actuar; de feito no último INEGA que fixemos, a parte subvencionada do INEGA que era exclusivamente luminarias ao final foi o cincuenta por cento, o outro cincuenta por cento tivo que ser con recursos propios porque foi adaptar o que vostede me está comentando, eu non entro nesas cuestións técnicas que vostede, obviamente, coñece bastante mellor, centros de mando..., ou os cables..., as terras..., e demais; porque? porqué dunha vez de inverter a parte luminarias, pois polo menos tamén aínda que tivera que poñer o concello algo mais.

Sr. voceiro: eu dígolle porque cando un escribe nun papel que vai aforrar o oitenta por cento, hai que ter moito coidado porque estas empresas despois..., estas empresas que apuntan as subvencións van ao oitenta por cento....

Sra. alcaldesa: si, si....

Sr. voceiro: e despois hai penalizacións, e a penalización quere dicir que a subvención que pedimos dun millón de euros, vanos dar o que nos toque, polo tanto é moi bo facer ben este tipo de proxectos, tendo en conta que ao mellor vale a pena gastar os cartos en telos perfectamente elaborados, e redefinidos para que... porqué agora vostede di que está...

Sra. alcaldesa: pero inviable facer os proxectos antes de..., iso si que non, o que se fixo foi o cálculo e o traballo sobre...

Sr. voceiro: con datos aproximados...

Sra. alcaldesa: cos datos que teñen, cos datos que nós lles demos, de feito co inventario; fíxose unha auditoría con todo de novo e incorporando a un inventario lumínico que xa tiña feito con anterioridade o concello....

Sr. voceiro: non lle estou criticando, so lle digo que na auditoría que lle fixeron foron contar farolas, foron simplemente contar farolas porqué se viron por aí contando farolas....

Sra. alcaldesa: si...

Sr. voceiro: e sacándolle fotos aos cadros, porqué efectivamente están moi mal....

Sra. alcaldesa: si...

Sr. voceiro: están todos rebentados, moitos a pedradas..

Sra. alcaldesa: si, si....

Sr. voceiro: pero na auditoría, eu botaba de menos que abrisan a tapa, mediran o cable e miraran que tipo era, porqué con iso son cinco minutos mais por farola e tiñamos agora toda a información necesaria para facer un cálculo ben estimado.

Sra. alcaldesa: eu conto que temos os datos suficientes, e se non obviamente nós contratamos a uns expertos nesta materia, que de feito traballaron para varios concellos e presentaron a mesma documentación, adaptada a cada sitio...

Sr. voceiro: é que a documentación que hai aquí, é o que dicía a concelleira, parece moitas veces un *copiar e pegar* para intentar cubrir o número de luminarias, corto e pego mais ou menos o presuposto; é que hai moitos presupostos parecidos. E despois a contabilización final saen douscentos catorce..., cento..., hai moitos presupostos parecidos...

Sra. alcaldesa: a ver, hai datos que se reflicten na Memoria, e eu digo por lotes, a actuación que se poida facer... porqué aí si que é certo que se dividiu, aproximadamente, en tres...

Sr. voceiro: claro, por iso hai que ter conta...

Sra. alcaldesa: en Cortiñán, Vixoi, Guísamo, Rois e Santa Marta, a estimación, sen ter o proxecto real, é de douscentos corenta e un mil euros sen Ive, no segundo lote, de Bergondo e de Moruxo, douscentos cincuenta e nove mil euros, sen Ive, e en Ouces e Lubre, douscentos noventa e tres mil euros sen Ive, porque? porqué si que é certo que unha vez ...

Sr. voceiro: está contando farolas, simplemente...



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: non, contando farolas e vendo ademais os cadros aos que pertencen esas farolas, intentando agrupar, incluso..., que iso foi tamén unha cuestión que falamos, se había a posibilidade de redución dalgún dos cadros, porque non era necesario, no Concello de Bergondo hai contratos en excesivo, pois poder agrupar algún deses contratos nun cadro novo ou nun cadro xa existente, e eliminar incluso pola cantidade de facturas que se reciben; e dicir que ese contrato, ese traballo se fixo, e eu espero que se fixera da mellor das maneiras; de feito non vexo requirimento nese sentido por parte dos técnicos do IDAE, que non é por nada, pero tiveron case un ano, mais de nove meses, para requirir en base á documentación presentada.

Sr. voceiro: pero so unha cousa, como van requirir nada se non teñen os proxectos....

Sra. alcaldesa: e ninguén enviou os proxectos...

Sr. voceiro: xa sei, pero non lle poden...

Sra. alcaldesa: non podían enviar os proxectos porque neste caso non se solicitaban proxectos...

Sr. voceiro: pero soamente, penso eu, o que fan é unha análise económico de rendibilidade, nada mais, a análise técnica a fan cando teñan a parte técnica, digo eu....

Sra. alcaldesa: de todas formas aquí vai bastante detallada a parte técnica, o proxecto, xa digo, en toda a documentación que incluía a Plataforma non entraban os proxectos...

Sr. voceiro: xa, xa...

Sra. alcaldesa: pedían auditoría, memorias e planos; os que teño aquí son borradores, pero poderíamos descargarlos e poderían ver realmente os planos nos que si se concede, independentemente de que despois os proxectos obviamente van ir.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: pois tampouco vou entrar en cousas que ademais non me sinto capacitado para valora tecnicamente, nin moito menos. A ver se nola conceden, porque iso é o fundamental; non sei se será un millón, ou serán cincocentos mil euros, non sei..., ou douscentos mil, non sei...,

Sra. alcaldesa: de dala, en teoría, ou non a dan ou dan os oitocentos, esa e a teoría...

Sr. voceiro: a ver se hai..., non sei se a palabra é sorte, pero a ver se efectivamente a conseguimos e malo será que unha vez concedida non demos feito ben os proxectos correspondentes.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por **unanimidade de votos a favor**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e dez minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e do secretario, que dá fe.

O secretario

Federico Suárez Cancelo

V. e pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez